

A XUVENTUDE NO MUNDO



PROGRAMA GALEGO de MOBILIDADE



XUNTA DE GALICIA

NORMAS DE PARTICIPACIÓN

“A Xuventude no Mundo” é un programa de mobilidade xuvenil organizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que pretende que os mozos e mozas de Galicia poidan desenvolver un programa de actividades de interese para a xuventude noutras partes do mundo. Deste xeito, nesta edición as temáticas versarán sobre os seguintes contidos:

- ② Asociaciónismo e participación xuvenil
- ② Autoemprego e emprendedurismo
- ② Mobilidade laboral e emprego
- ② Voluntariado xuvenil
- ② Liderado
- ② Creatividade e talento

obxectivos

- ② Facilitar e potenciar a adquisición de competencias non formais que faciliten o desenvolvemento persoal e a toma de decisións na vida adulta.
- ② Fomentar a cooperación entre mozos e mozas de diversas culturas para acadar obxectivos comúns que estimulen a participación e a solidariedade.
- ② Comprender a diversidade sociocultural axudando a vencer prexuízos, fomentar a tolerancia e erradicar actitudes xenófobas, racistas, homófobas ou de outra índole que poidan levar á discriminación e á exclusión.
- ② Favorecer a inclusión de mozos/as con menos oportunidades e ofrecer novas perspectivas para o seu desenvolvemento na sociedade.
- ② Dar a coñecer as posibilidades do voluntariado xuvenil como mecanismo de participación e de cidadanía activa en aras do progreso social.

	PAÍS	LUGAR DE INTERCAMBIO	DATA DE CELEBRACIÓN	DATA DE INSCRICION
1	Portugal	Figueira da Foz	23 ao 30 de marzo	7-13 de marzo
2	Italia	Alghero	11 ao 18 de abril	16 - 26 de marzo
3	Italia	Trento	22 ao 29 de abril	16 - 26 de marzo
4	Italia	Abruzzo	14 ao 21 de maio	16 - 26 de marzo
5	Ucráína	Kiev	21 ao 28 de maio	16 - 26 de marzo
6	Bielorrusia	Minsk	4 ao 11 de xuño	16 - 26 de marzo
7	Moldova	Chisinau	18 ao 25 de xuño	16 - 26 de marzo
8	Hungría	Budapest	1 ao 8 de xullo	9 - 16 de abril
9	Bulgaria	Veliko Tarnovo	13 ao 20 de xullo	9 - 16 de abril
10	Rusia	San Petersburgo	4 ao 11 de agosto	9 - 16 de abril
11	República Checa	Česká Třebová	30 agosto ao 6 de setembro	9 - 16 de abril
12	Turquía	Estambul	3 ao 10 de setembro	9 - 16 de abril

información xeral

- ② O programa vai dirixido aos mozos e mozas galegos residentes en Galicia que teñan entre 18 e 30 anos no momento de celebración do intercambio.
- ② Nesta IV edición da Xuventude no Mundo a aportación dos/as mozos/as será o desprazamento por conta propia ata o lugar de aloxamento do intercambio, que será comunicado unha vez que obteña praza. Deste xeito se lle da a cada participante a oportunidade de viaxar no medio máis axeitado e económico posible.
- ② A organización cubrirá os custos restantes, que se detallan a continuación:
 - seguro de viaxe e enfermidade
 - aloxamento
 - manutención en pensión completa agás os días da viaxe (inclúese a cea do día da chegada, sempre que sexa antes das 21:00 horas)



- material para realizar as actividades, obradoiros, debates, encontros...
- transporte local durante as datas do intercambio
- ⦿ Para a admisión será necesario enviar o formulario que se colgará na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no apartado de Programas EU.
- ⦿ En cada intercambio admitiranse, as primeiras 9 solicitudes que se reciban e atendendo á recepción e valoración por parte da organización do documento ao que se refire o parágrafo seguinte. Os admitidos recibirán un correo electrónico de confirmación da praza, así como o lugar de encontro no lugar de celebración do intercambio. Se lle facilitará o nome do coordinador que acompañará ao grupo, así como o itinerario máis axeitado para poder chegar ao punto de encontro.
- ⦿ Os/as 9 participantes seleccionados/as deberán remitir a mobilidadexuvenil@xunta.es un documento dunha extensión de mínimo 1 folio e máximo 3 folios onde aborde a temática do intercambio e a súa situación en Galicia, para os efectos da súa exposición nos foros de debate que se celebrarán no intercambio. A non remisión do referido documento no prazo que se lle indique será causa de perda da praza.
- ⦿ De non recibir ningunha comunicación no prazo de 5 días de envío do formulario de inscrición, entenderase que non obtivo praza.
- ⦿ Unha vez se comunique or correo electrónico a admisión no programa, o/a participante dispón de 48 horas para enviar a mobilidadexuvenil@xunta.es unha copia do billete de transporte adquirido para desprazarse ata o país de intercambio. Se por calquera motivo o billete fose anulado despois de ser enviado á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a praza será anulada e considerada non adxudicada á persoa que a solicitou.
- ⦿ Erros nos datos facilitados na solicitude de participación ou a omisión deles pode ocasionar a desestimación da solicitude.
- ⦿ Soamente se poderá enviar unha solicitude de inscrición por correo electrónico. No caso de non ser admitido no primeiro prazo de inscrición (16 - 26 de marzo), poderase enviar outra solicitude no segundo prazo (9 - 16 de abril), podendo elixir por orde de preferencia ata tres intercambios en calquera dos dous prazos. Os/as mozos/as que participaron ou solicitaron e non obtiveron praza no intercambio de Figueira da Foz (Portugal), poden igualmente enviar outra solicitude, podendo elixir por orde de preferencia ata tres intercambios, en un dos dous prazos de inscrición.
- ⦿ En cada intercambio acompañará aos participantes un coordinador galego e actuará como interlocutor co país de acollida.
- ⦿ Os intercambios soamente se realizarán se existe un mínimo de 5 mozos/as apuntados/as.

RECOMENDACIÓNS DE AEROPORTOS MÁIS CERCANOS OU ESTACIÓNS PARA CHEGAR AO LUGAR DE DESTINO DO PAIS DE CELEBRACIÓN DOS INTERCAMBIOS

Figueira da Foz (Portugal). En autobús ata Coimbra. Despois tren ou autobúsaata Figueira da Foz
Alghero-Cerdeña (Italia)– aeroporto de Alghero (AHO).

Trento (Italia) – aeroporto Marco Polo de Venecia (VCE); auroporto de Treviso (TSF), despois tren ata Verona – Trento, e finalmente tren ou autobús ata Ossana; ou Milano (MXP, LIN) ou Bérgamo (BGY) e despois autobús directo a Ossana ou en tren de Milano – Verona – Trento e despois autobús ou tren ata Ossana
Chisinau (Moldavia)– aeroporto de Chisinau (KYV), ou España – Bucarest en avión e despois Bucarest – Chisinau

San Petersburgo (Rusia)– aeroporto de San Petersburgo (LED)

Abruzzo (Italia) – aeroportos de Roma (FCO, CIA) e despois en autobús de Roma ata Giulianova

Minsk (Bielorrusia) – aeroporto de Minsk (MSQ)

Budapest (Hungría) – aeroporto de Budapest (BUD)

Veliko Tarnovo (Bulgaria)– aeroporto de Sofía (SOF) e despois en autobús ata Veliko Tarnovo


Kiev (Ucraina)– aeroporto de Kiev (IEV).

Estambul (Turquía)– aeroporto de Estambul (IST):

Ceska Trevozá (Rep. Checa) – aeroporto de Praga (PRG): España – Praga en avión e despois en tren de Praga a Ceska Trevozá

Para máis información:

mobilidadexuvenil@xunta.es
981544645



ABRUZZO (Italia)

- **Prazo de inscrición:** 16 – 26 de marzo
- **Temática:** Emprendedurismo
- **Datas de realización:** 14 – 21 de maio
- **Lugar de realización:** Giulianova – Abruzzo (Italia)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos italianos
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Comune di Giulianova e Forma Talenti (Téramo – Italia)

obxectivos

A Asemblea Xeral da ONU declarou que o 2012 será o Ano Internacional das Cooperativas destacando a contribución das cooperativas á sociedade particularmente recoñecendo o impacto na redución da pobreza, emprego e integración social.

Pola resolución A/RES/64/136, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas anima a todos os estados membros, as Nacións Unidas e todos os/as interesa-dos/as a aproveitar a Ano internacional das cooperativas para promover coope-rativas, sensibilizar a opinión pública na súa contribución ao desenvolvemento económico e social e impulsar a formación e o crecemento das cooperativas.

Nesta perspectiva, os obxectivos do intercambio son:

- ☉ Sensibilizar os mozos sobre o papel das cooperativas e a súa contribu-ción para o desenvolvemento socioeconómico e á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.
- ☉ Promover a formación e expansión de cooperativas
- ☉ Favorecer a mocidade do auto-emprego e emprendedurismo



actividades


- Reunión co Alcalde e grupo municipal para analizar o sistema económico produtivo de Giulianova e a rexión de Abruzzo.
- Visita in situ e explicación sobre o funcionamento dunha cooperativa do sector social e de turismo
- Obradoiro: ser un emprendedor, os primeiros pasos.
- Reunión e debate con representantes de “Italia Desenvolvemento”, a Axencia Nacional para o investimento estranxeiro e desenvolvemento de empresas.
- Visita ao punto de Teramo Europe Direct, rede europea de información sobre institucións, lexislación, políticas, programas e oportunidades de financiamento da Unión Europea
- Obradoiro: financiamento europeo para mozos empresarios
- Reunión con representantes da Confcooperative Teramo

ALGHERO (Italia)

- **Prazo de inscrición:** 16 – 26 de marzo
- **Temática:** Emprendemento xuvenil e creatividade
- **Datas de realización:** 11 - 18 de abril
- **Lugar de realización:** Alghero - Cerdeña (Italia)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos italianos
- **Aloxamento:** apartamentos
- **Organización de acollida:** Archivi del Sud

obxectivos

- ⊙ Compartir cos mozos europeos experiencias e boas prácticas no asociacionismo xuvenil nos seus respectivos países, así como a participación activa na realidade socio-cultural e na política local e rexional.
- ⊙ Descubrir as posibilidades de mobilidade laboral existentes no contexto da Unión Europea e que brinda a posibilidade de estudar e traballar para a xuventude. En particular, aquelas oportunidades que permiten o desenvolvemento persoal así como a súa autonomía.
- ⊙ Presentación de modelos empresariais exitosos postos en marcha por ideas de mozos con iniciativa e creatividade en Europa. Fomento do autoemprego.
- ⊙ Poñer en valor a cultura local de cada rexión europea e considerar a posibilidade de recuperar os oficios tradicionais como unha oportunidade para abordar a actual crise económica.





actividades

- ⦿ Visita a empresas locais exemplos de desenvolvemento do emprego xuvenil e vinculadas a actividades económicas típicas da rexión: produción de viños de Alghero e aceite de oliva.
- ⦿ Entrevistas e encontros con mozos emprendedores. Presentación das traxectorias profesionais. Análise de riscos.
- ⦿ Investigación das posibilidades dos tradicionais postos de traballo no contexto económico actual: pescadores, agricultores, artesáns..
- ⦿ Visita ao territorio de Barbagia, descubrimento das tradicións e lendas da área. A cultura sarda dentro do Estado Italiano.
- ⦿ Reunións e debates co tecido asociativo local. Mesas redondas sobre o funcionamento das organizacións non gubernamentais. Como afecta a crise ao financiamento das entidades sociais?

BUDAPEST (Hungría)

- **Prazo de inscrición:** 9 – 16 de abril
- **Temática:** Queremos ser libres
- **Datas de realización:** 1- 8 de xullo
- **Lugar de realización:** Budapest (Hungría)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos húngaros
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Mixat Dok



obxectivos



Queremos ser libres é un intercambio que terá lugar con mozos da vila de Pásztó, unha pequena vila dun dos condados máis subdesenvolvidos de Hungría, donde os mozos non teñen oportunidades e facilmente caen no pozo das adicións. É por iso que a temática versará sobre as adicións e as diferentes alternativas saudables para evitar converterse en adictos e dese xeito desenvolver personalidades libres.

Tamén é o noso obxectivo que os participantes se coñezan entre sí, aprendan a respectar a riqueza intercultural que existe en Europa e promovan hábitos de vida saudables nos que o deporte e a participación teñan un compoñente moi importante.

A través do programa de actividades, os participantes serán capaces de desenvolver unha autonomía persoal que os capacite para a vida adulta. Do mesmo xeito mellorarán as súas habilidades comunicativas nun segundo idioma como é o inglés.

Como obxectivos propios do intercambio hai que salientar a promoción da cidadanía activa dos mozos na Europa do século XXI, así como o fomento da solidariedade e a promoción da tolerancia entre dous pobos tan diferentes como o húngaro e o galego.





actividades

- Interculturalidade: traballo en equipo. Xogo de estereotipos sobre os países participantes, presentacións sobre os países, a súa cultura, a súa gastronomía, música, aprendizaxe en xogos e bailes nacionais típicos.
- Obradoiro sobre a temática do intercambio: intercambio de ideas, que é a adición, que pode ser adictivo? Debate: cales son as alternativas á adición, como fortalecernos? Traballo en grupos de diversas nacionalidades: deseño de carteis, exposición de ideas...
- Descubrimento de Hungría: a importancia da identidade nacional e de tomar conciencia de ser parte dunha cultura europea común: visitas guiadas en Budapest, visita a lugares de interés e aprendizaxe sobre a historia e cultura húngara (Praza dos Heroes, Avenida Andrásy o Parlamento, a Basílica de San Esteban, o centro da cidade, o Barrio do Castelo, o Danubio)
- Excursión á rexión do Norte de Hungría: Gödöllő, Pásztó, Hollókő: recepción no Concello de Pásztó, encontro co alcalde de Hollókő, pobo patrimonio da humanidade, coñecemento das actividades das asociacións culturais locais

VELIKO TARNOVO (Bulgaria)

- **Prazo de inscrición:** 9 – 16 de abril
- **Temática:** Traballo e emprego xuvenil
- **Datas de realización:** 13 - 20 xullo
- **Lugar de realización:** Veliko Tarnovo (Bulgaria)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos búlgaros
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Eurosdrujenie – Tarnograd (Veliko Tarnovo)

obxectivos

O obxectivo do proxecto é a inclusión de mozos desfavorecidos na sociedade. Incorpórase a toma de conciencia do desemprego entre os mozos da Unión Europea, particularmente analizando a situación existente en Bulgaria e en España.

- ⊙ Analizar desde un punto de vista europeísta as consecuencias dos altos ratios no desemprego xuvenil.
- ⊙ Coñecer de primeira man experiencias positivas na posta en marcha de pequenas empresas por emprendedores mozos.
- ⊙ Elaborar propostas e debater posibles solucións a nivel local e rexional para a inserción dos/as mozos/as no mercado laboral.
- ⊙ Trasladar a políticos locais, a través de diálogos estruturados os resultados das mesas redondas, foros debates e demais actividades realizadas.





actividades


- ⦿ Aprendizaxe non formal a través de: xogos de integración, “icebreaking games”, xogos de equipo, “role – playing”...
- ⦿ Charla con estudantes procedentes de asociacións xuvenís e estudiantís da rexión de Veliko Tarnovo: “a mobilidade laboral en Europa”.
- ⦿ Obradoiro no “MKITS Veliko Tarnovo”, centro xuvenil de asesoramento de emprego: a búsqueda de emprego na rede EURES.
- ⦿ Encontro municipal no Concello de Veliko Tarnovo: diálogo estruturado, a oferta pública no contexto da recesión.
- ⦿ Visita ao orfanato “María e Velkovi Oenyu” – obradoiro de creación e elaboración de propostas para ofrecer saídas profesionais á xuventude.
- ⦿ Introducción á cultura búlgara, coñecemento da zona vella de Veliko Tarnovo, visita a Tsaravets.

CESKA TREBOVÁ (República Checa) &

- **Prazo de inscrición:** 9 – 16 de abril
- **Temática:** Facémonos maiores?
- **Datas de realización:** 30 agosto ao 6 de setembro
- **Lugar de realización:** Ceska Trebová (República Checa)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos checos
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Kamarad (Ceska Trebová)

obxectivos

- ⊙ Analizar as consecuencias dos cambios demográficos na poboación europea: aumento da esperanza de vida, descenso da taxa de natalidade...
- ⊙ Observar e coñecer de primeira man o traballo de asociacións con colectivos de maiores, así como as actividades que se realizan para promover o diálogo interxeracional.
- ⊙ Facilitar a adquisición de habilidades comunicativas, destrezas culturais, protocolo e educación non formal no trato con persoas en situación de risco de exclusión.
- ⊙ Establecer un diálogo intercultural entre a cultura checa e a española en aras do desenvolvemento de proxectos de cooperación europea: iniciativas xuvenís, proxectos en rede, mobilidade laboral...
- ⊙ Elaborar e debater ideas para a mellora dos maiores no campo do envellecemento activo, na aprendizaxe permanente ou na protección social.





actividades

- ⦿ Desenvolvemento de xogos para mellorar o coñecemento entre os participantes do intercambio e profundizar nas distintas culturas.
- ⦿ Presentación da situación demográfica de cada país. Exposición monográfica de boas prácticas no campo do envellecemento activo nas sociedades galega e checa.
- ⦿ Mesa redonda con representantes de organizacións xuvenís e estudiantís da cidade de Ceska Trebová.
- ⦿ Obradoiros artesanais impartidos por maiores xa retirados. Debate: “A xubilación, pretexto para deixar de aprender?”
- ⦿ Encontro con organizacións sociais que traballan con maiores na cidade de Litomyšl, declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco no ano 1999.
- ⦿ Xornada de traballo en Praga, obradoiros, actividades ao aire libre e visita ao museo Hebreo. Tour guiado arredor da cidade.

ESTAMBUL (Turquía)


- **Prazo de inscrición:** 9 – 16 de abril
- **Temática:** Creatividade artística na cuna das civilizacións
- **Datas de realización:** 3 - 10 de setembro
- **Lugar de realización:** Estambul (Turquía)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos turcos
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Municipalidade de Beyoglu

obxectivos

O programa de actividades está deseñado para que os mozos e mozas participantes descubran a cultura turca á vez que realizan obradoiros de aprendizaxe non formal. Fundamentalmente o encontro está enfocado a facilitar a creatividade artística na xuventude, a desenvolver habilidades artísticas nas actividades da vida diaria e a fomentar a participación xuvenil nos sistemas democráticos.

Os obradoiros sobre a alianza de civilizacións, especialmente no contexto histórico relixioso, facilitarán a comprensión e a tolerancia cara as diferentes relixións do mundo. Visitaranse museos, sinagogas, mesquitas...como exemplos de convivencia pacífica e vida en harmonía.

Realizarase unha cea intercultural no que os participantes intercambiarán danza, música, relatos populares ou gastronomía. Tamén haberá tempo para coñecer a cidade, facer excursións e picnis polo Bosforo.





actividades

- ⦿ Obradoiro de tratamento fotográfico. Os participantes iniciaranse na edición de fotografía, á vez que coñecerán de primeira man boas prácticas para a toma de instantáneas de Estambul.
- ⦿ Obradoiro de creatividade artística: optimización do talento e utilización na vida diaria da arte.
- ⦿ Encontro entre os mozos e mozas e responsables de políticas locais da Municipalidade de Beyoglu. Diálogo estruturado, elaboración de propostas a nivel europeo.
- ⦿ Actividades ao aire libre no Bósforo. obradoiros de diálogo intercultural nas Illas Prince.
- ⦿ Visita á cidade de Estambul: entrada á Mesquita Azul, á Basílica Cistern Hagia Sofía e ao Pazo Topkapi.



FIGUEIRA DA FOZ (Portugal)



- **Prazo de inscrición:** 7-13 de marzo
- **Temática:** Os mozos e a solidariedade interxeracional
- **Datas de realización:** 23 - 30 de marzo
- **Lugar de realización:** Figueira da Foz (Portugal)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos portugueses
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Grupo Instrução e Sport (Figueira da Foz)

obxectivos

- ⦿ Facilitar a aprendizaxe non formal e mellorar as competencias individuais dos mozos.
- ⦿ Promover valores europeos como: dereitos humanos, igualdade de oportunidades, respecto mútuo, tolerancia e diversidade etc.
- ⦿ Fomentar a reflexión sobre a sociedade europea e a construción dunha cidadanía máis participativa. Promover o intercambio de culturas, valorando a diversidade, así como o multilingüismo, incentivando os mozos a aprender novas linguas.
- ⦿ Promover actividades que contribúan a loitar contra a discriminación por razón de idade fomentando o diálogo interxeracional e o respecto cos nosos maiores.
- ⦿ Fomentar o debate, proceder ao intercambio de experiencias e desenvolver a aprendizaxe mútua entre os estados membros, co fin de promover as políticas de envellecemento activo.
- ⦿ Desenvolver a solidariedade e promover a tolerancia entre xeracións, buscando a inclusión dos maiores na sociedade democrática.





actividades

- ⦿ Debates e mesas redondas sobre a integración dos maiores na sociedade, aproveitamento dos seus coñecementos e boas prácticas de envellecemento activo
- ⦿ Participación no fórum organizado pola Universidade Senior de Coimbra: boas prácticas no diálogo interxeracional.
- ⦿ Actividades con maiores: obradoiro de plasticidade, creatividade artística e expresión comunicativa
- ⦿ Visita a Braga, Cidade Europea da Xuventude. Percorrido polas principais rúas da cidade e encontro con asociacións xuvenís e sociais da rexión para a reflexión sobre o debate interxeracional
- ⦿ Creación dun video con motivo do Ano Europeo do Envellecemento activo e o Diálogo Interxeracional.

KIEV (Ucráína)

- **Prazo de inscrición:** 16 – 26 de marzo
- **Temática:** Liderado xuvenil
- **Datas de realización:** 21 ao 28 de maio
- **Lugar de realización:** Kiev (Ucráína)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos ucranianos
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Foro da xuventude ucraniana (Kiev)

obxectivos

- ① Facilitar aos mozos e mozas o desenvolvemento das súas capacidades creativas así como a implementación de iniciativas xuvenís que benefician á sociedade na súa totalidade.
- ② Atraer á xuventude a participar activamente na vida social e económica a través da creación de programas de capacitación sobre o liderado dos mozos.
- ③ Creación das condicións necesarias para o desenvolvemento profesional dos mozos.
- ④ Intercambio de boas prácticas dentro das políticas de xuventude que sirvan de exemplo para os líderes xuvenís;
- ⑤ Fomento da integración europea de Ucraína e desenvolvemento de proxectos





actividades

- Conferencia con líderes das organizacións xuvenís de Ucraína e diálogo estruturado co director do Axencia Nacional de Ucraína de Xuventude.
- Mesa redonda con estudantes universitarios na Universidade Nacional Taras Shevchenko: "o problema do desenvolvemento do liderado na xuventude moderna"
- Obradoiros e actividades en contacto coa natureza. Desenvolvemento de capacidades e destrezas comunicativas dentro do grupo. O liderado de grupos xuvenís.
- Reunión ca dirección do Servicio Estatal de Xuventude e Deportes do Ministerio de Educación.
- Percorrido guiado pola cidade de Kiev con entrada ao Museo Nacional de Arquitectura Popular e etnografía de Ucraína "Pirogovo", visita ao pazo Mariinsky, Arco da Amizade, Teatro Nacional de Ópera e Ballet...

MINSK (Bielorrusia)

- **Prazo de inscrición:** 16 – 26 de marzo
- **Temática:** Os mozos e a creatividade
- **Datas de realización:** 4 ao 11 de xuño
- **Lugar de realización:** Minsk (Bielorrusia)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos bielorrusos
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Poslednayaya Nadezhda

obxectivos

A creatividade e a innovación van ligados á xuventude é potenciar o talento, do liderado e da capacidade por poñer en marcha ideas e iniciativas forman parte da temática desde intercambio.

Na cidade de Minsk, os mozos participantes coñecerán de primeira man a herdanza soviética dun pobo íntimamente ligado ás artes escénicas.

O intercambio foi deseñado para acadar os seguintes obxectivos:

- ☉ Potenciar o talento e a creatividade xuvenil a través de actividades da vida cotiá.
- ☉ Despertar o interese pola perfección, polo espírito de sacrificio, o traballo e o esforzo como valores sobre os que se asentan o éxito empresarial e profesional.
- ☉ Fomentar a participación dos mozos na sociedade a través das canles de participación existentes: asociacionismo, voluntariado, grupos informais...
- ☉ Tomar conciencia da importancia da creatividade no posta en marcha de programas de autoemprego, na inserción no mercado laboral, así como na resolución de problemas na vida adulta.



actividades

- ☉ “Os mozos e a creatividade”, xornada de actividades no Pazo da Xuventude. Encontro cos responsables da organización. Programas de xuventude, obradoiros e debates sobre o papel da xuventude na sociedade moderna.
- ☉ Visita ao College Artístico, escola de talento de mozos bielorrusos. Mesa redonda: “O talento e a creatividade: xenética ou sacrificio?”
- ☉ Obradoiro na Universidade Lingüística de Minsk, oferta de educación non formal – extracurricular. Comparación España - Bielorrusia.
- ☉ Explicación do funcionamento do Teatro de Ópera e Ballet e asistencia ao espectáculo: “O lago dos cisnes”.
- ☉ Percorrido pola cidade de Minsk, visita ao Castelo de Mir, Novogrudok e parada destacada no museo do Vidrio: obradoiro de iniciación ao cristal.
- ☉ Reunión na facultade de filoloxía hispánica – encontro con estudantes do centro. Intercambio cultural e gastronómico.

CHISINAU (Moldova)

- **Prazo de inscrición:** 16 – 26 de marzo
- **Temática:** Voluntariado: fonte creadora de capital humano e social
- **Datas de realización:** 18 ao 25 de xuño
- **Lugar de realización:** Chisinau (Moldova)
- **Participantes:** 9 galegos + 5 moldavos
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Social Service Centre for Children and Family (Chisinau)

obxectivos

O voluntariado desenvolve os valores fundamentais da sociedade moderna: xustiza, solidariedade, cidadanía activa...contribuíndo directamente aos obxectivos clave das políticas da Unión Europea e da nosa comunidade, tales como: inclusión social, emprego, educación, estratexia de desenvolvemento económico de Europa 2020, etc. Na perspectiva de desenvolver as iniciativas iniciadas no ano pasado declarado Ano Europeo do Voluntariado propónse a través deste intercambio acadar os seguintes obxectivos:

- ☉ Analizar o voluntariado como un programa de educación cívica desde unha perspectiva integradora e social.
- ☉ Promover as actividades de voluntariado entre mozos e mozas, así como a súa participación na sociedade.
- ☉ Presentar e coñecer a estrutura e o funcionamento do modelo de voluntariado da República de Moldova.
- ☉ Facilitar as actividades voluntarias en prol do próximo vencendo este-reotipos e afastando comportamentos xenófobos e racistas que levan á discriminación
- ☉ Intercambiar experiencias europeas e boas prácticas na area do voluntariado e da participación xuvenil



actividades

- ⦿ Encontro con voluntarios do Centro de Servizos Sociais. Obradoiro de traballo: *“que me motiva a ser voluntario?”* Intercambio de experiencias e boas prácticas. Debate sobre as posturas adoptadas nos obradoiros.
- ⦿ Entrevista na sede da Organización Amici dei Bambini. Presentación de experiencias no desenvolvemento de actividades realizadas: apoio voluntario aos nenos orfos, abandonados, ás familias socialmente vulnerables, etc
- ⦿ Conferencia na Universidade (USM), Facultade de Asistencia Social: *“Importancia do voluntariado na area de asistencia social”*. Debates sobre a conveniencia do voluntariado, o seu recoñecemento como educación non formal e as ventaxas da experiencia na inserción no mercado laboral...
- ⦿ Encontro coas autoridades do Ministerio da Xuventude e membros do Consello Nacional dos mozos da Rep. Moldova: Promoción da actividade voluntaria dos mozos.
- ⦿ Presentación e intercambio cultural. A cultura moldava, gran descoñecida en Europa: tradición, gastronomía, danza e cancións típica.

SAN PETERSBURGO (Rusia)





- **Prazo de inscrición:** 9 – 16 de abril
- **Temática:** Creatividade e talento
- **Datas de realización:** 4 ao 11 de agosto
- **Lugar de realización:** San Petersburgo (Rusia)
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos rusos
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Mesa redonda de San Petersburgo
- **Visado:** os gastos de expedición de visado serán por conta do participante. A organización facilitaralle todos os documentos necesarios para a súa tramitación

obxectivos

O dinamismo dos tempos que corren esixe unha xuventude creativa que sexa capaz de improvisar e solucionar situacións da vida cotiá o máis veloz posible: a toma de decisións. A través desde intercambio, os mozos tomarán conciencia da importancia da flexibilidade mental, así como da necesidade de lograr unha autonomía persoal que permita aos mozos chegar á vida adulta cunha madurez maior:

- ⦿ Descubrir a importancia da creatividade non só en áreas clásicas como o márketing ou as artes plásticas e gráficas, senón en outros campos como a dirección de empresas, recursos humanos ou organizacións non gubernamentais.
- ⦿ Aprender a ser creativo e descubrir o talento como algo suxeito de ser ensinado en contra da idea xeral de que é algo innato.
- ⦿ Coñecer a cultura de Rusia e intercambiar aspectos como a gastronomía, os problemas da xuventude europea, boas prácticas no campo do emprego e emprendedurismo...
- ⦿ Debatir e propoñer solucións creativas na toma de decisión durante actividades da vida cotiá





actividades

- ⦿ Encontro con mozos membros do Parlamento de San Petersburgo baixo a temática: “elaboración dun marco de lei para a creatividade”
- ⦿ Visita ao Soviet da municipalidade de San Petersburgo e mesa redonda sobre os programas de creatividade e explotación do talento local.
- ⦿ *Master class* de creatividade organizado e impartido pola organización: Unión dos mozos de San Petersburgo no Palacio da Xuventude.
- ⦿ Encontro e discusión cos membros máis activos da asociación “Mesa redonda da xuventude de San Petersburgo” Temática: a influencia da creatividade no asociacionismo e participación.
- ⦿ Obradoiro de talento: a creatividade na dirección de recursos humanos e na planificación de actividades nunha organización.
- ⦿ Obradoiro de teatro: visita ao teatro xuvenil “Teatro da choiva”. Expresión corporal e comunicación non verbal.



- **Prazo de inscrición:** 16 – 26 de marzo
- **Temática:** Aprendizaxe activo de prácticas para a sostibilidade
- **Datas de realización:** 22 – 29 de abril
- **Lugar de realización:** Ossana – Val de Sole - Trentino
- **Participantes:** 9 mozos galegos + 5 mozos italianos
- **Aloxamento:** Hotel
- **Organización de acollida:** Fondazione San Vigilio (Trento)


obxectivos

Co gallo da década da educación para o desenvolvemento sostible 2005-2014, proclamada pola ONU e coordinada pola Unesco, co fin de construír unha máis xusta e harmoniosa sociedade, orientada ao respecto polos outros, ao planeta e ás xeracións do futuro, a organización “Fondazione San Vigilio” de Ossana da Provincia de Teramo na rexion de Trentino Alto Adige, organizou o proxecto “A.L.P.S. : Active Learning Practices for Sustainability”.

Neste contexto desenvolverase un programa de educación non formal que ten como obxectivo, promover estilos de vida con baixo impacto ambiental, no que participarán nun intercambio mozos da Comunidade Autónoma de Galicia e da provincia de Trento.

Neste sentido, introducirase aos participantes no concepto de desenvolvemento sostible e medirase a “pegada ecolóxica”, o impacto ambiental dos seus estilos de vida.

Temas como o consumo de alimentos, auga e enerxías serán tratados mediante: obradorios, obradorios teatrais, simulacións de gastos de recursos, reunións con especialistas en medio ambiente e visitas a granxas orgánicas da área local.





actividades

- Coñecemento do proxecto europeo “Leader”, entrevista cos responsables e análise dos obxectivos do desenvolvemento urbano.
- Percorrido a pé polo “Parque Nazionale dello Stelvio”, a xestión da área natural protexida.
- Encontro e debate con representantes da escola vocacional “alberghuiera”, profundización do concepto “slow food”.
- Obradoiro de reciclaxe: produción e eliminación de residuos
- Debate sobre boas prácticas no campo do asociacionismo medioambiental, así como no uso diario individual dos recursos.
- Obradoiro teatral: a desigual distribución global de recursos alimentarios.
- Audiencia en Trento con representantes rexionais de políticas ambientais.




Para máis información:

www.xuventude.net


tlf: 981 544 645

mobilidadexuvenil@xunta.es











xuventude.net

Para máis información:

www.xuventude.net

tlf: 981 544 645

mobilidadexuvenil@xunta.es



**XUNTA
DE GALICIA**